

Carta aberta ás familias do Mosteiro

Estimadas familias,

Nestes días cúmprense dous anos desde que o agravamento da situación sanitaria pola COVID-19 motivou o inicio do confinamento en todo o país. Un cambio brusco por imprevisto que afectou decisivamente as nosas vidas ata puntos que semellarían impensables tempo atrás. Da noite á mañá acostumámonos a usar máscara, a aprender que era a distancia social, a resolver as nosas vidas entre catro paredes, limitados polo medo e pola consciencia de que algo superior a nós ameazaba as nosas vidas, tal e como as coñecemos ata entón.

As consecuencias para a escola foron profundas e duradeiras. A conversión repentina ao modo telemático, a posta en marcha das aulas virtuais, a traballar sen horarios, a improvisar modos, medios e maneiras de seguir aprendendo cos nosos alumnos, a coidar as emocións dos máis pequenos e acadar que pasaran sen dano a través deste pesadelo...

Dous anos desde entón... Moito camiño percorrido e moito aprendido por todos. Agora que a alarma decrece podemos mirar atrás e decatarnos de que é tempo de dar grazas. Grazas aos nenos e nenas do colexio. Por ser valentes, sufridos, animosos en todo momento. Por ser quen de enfrontarvos a todo coa marabillosa naturalidade dun neno. Grazas ás familias, porque fostes quen de atender aos vosos fillos en situación laborais e persoais complicadas, atopando tempo para traballar con eles, para estudar, facer pan, bailar o simplemente darlles o voso amor e confianza para facerlles saber que, tarde ou temprano, todo acabaría ben.

Grazas ao claustro de profesores, porque tivestes que adaptarvos nun intre ao desafío de atender clases virtuais. Porque destes o voso tempo e entusiasmo sen medida para atender a todos. Porque tivestes a humildade de aprender desde o erro e a tentativa para cumprir o compromiso co voso alumnado.

Grazas a todos por ser pacientes, responsables, comprometidos e asertivos. Por entender as limitacións impostas polos protocolos sanitarios á vida escolar que coñecemos de sempre.

E parabéns...

Parabéns porque un día, se cadra máis cercano cada vez, esas limitacións desaparecerán. E volverán as celebracións conxuntas, e as portas do colexio se abrirán outra vez para as familias. Volverán os cumpres, a escola de familias, as visitas para contar historias... Todo iso que lembrades ben e añorades, volverá.

Así que, grazas a todos e todas, pequenos e grandes, polo voso esforzo por adaptarvos a un mundo en cambio, por atopar a agulla no palleiro, por sorrir en medio da adversidade.

A todos e a todas, grazas.

Vémonos moi pronto no cole

O Equipo Directivo

María, Goretti e Roberto